

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE CONCESIÓN DE BOLSAS ERASMUS+ ESTUDOS AO ESTUDANTADO SELECCIONADO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS + ESTUDOS PARA O CURSO 2024-25

O 23 de novembro de 2023 a Universidade de Vigo publicou a convocatoria de prazas e axudas Erasmus+ Estudos e bolsas complementarias para o curso 2024-25. De acordo con esta resolución, que prevé que a concesión das bolsas Erasmus+ se resolverá tras a adxudicación das prazas e logo de publicar as resolucións por centros das prazas adxudicadas, listas de agarda e estudantado excluído, esta reitoría

RESOLVE:

Conceder as bolsas Erasmus+ Estudos que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado no marco da convocatoria de prazas Erasmus+ Estudos para o curso 2024-25.

A contía das axudas pode verse modificada polos seguintes motivos:

- Cambio de destino por causas xustificadas.
- Financiamento adicional por acreditar a condición de estudante con menos oportunidades.
- Apoio á inclusión: financiamento adicional por custos adicionais directamente relacionados coas persoas participantes con discapacidade que precisen, por exemplo, ser acompañadas (gastos de viaxe e estadias de acompañantes, etc.).
- Financiamento adicional no caso de viaxes ecolóxicas.
- Ampliación da estadia dun cuadrimestre a curso completo: só terá dereito á axuda completa o estudantado que presente a solicitude no prazo establecido no convenio de subvención.
- Redución da estadia: se o estudantado percibira o primeiro pago da bolsa e reducise o período de estadia previsto inicialmente, deberá devolver o importe que non corresponda unha vez xustificada a estadia.
- Por estadias inferiores ao número de meses máximo financiados establecidos no anexo I. O importe da bolsa definitiva calcularase ao final da estadia tras recibir o certificado de fin de estadia. A data de inicio e de finalización serán as datas nas que a persoa participante teña que estar presente fisicamente en destino por razóns académicas.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Internacionalización
M^a Isabel del Pozo Triviño

